



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

AMPLIACIÓN PERMISO DE NACIMENTO E COIDADO RD-LEI 9/2025



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel
Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL

SEPE

O **permiso por nacemento** en España experimentou unha transformación importante coa aprobación do **RD-Lei 9/2025**, que amplía a duración e modifica a forma do seu goce. A continuación, presentamos un esquema comparativo que mostra as diferenzas entre o sistema anterior e o novo marco legal, destacando como se distribúen as semanas, que posibilidades de goce existen e que modificacións se introduciron para familias monoparentais.

	Antes (ata RDL 9/2025)	Agora (RDL 9/2025, en vigor desde 31 xullo 2025)
DURACIÓN TOTAL RETRIBUIDA	16 semanas por persoa proxenitora	19 semanas por persoa proxenitora
SEMANAS OBRIGATORIAS	6 semanas ininterrompidas, inmediatamente tras o parto, para cada persoa proxenitora.	6 semanas ininterrompidas e simultáneas para cada persoa proxenitora, inmediatamente tras o nacemento.
SEMANAS FLEXIBLES NO PRIMEIRO ANO	10 semanas restantes, desfrutables de forma acumulada ou interrompida, en períodos semanais, ata que o/a menor cumpra 12 meses.	11 semanas desfrutables de forma acumulada ou interrompida, en períodos semanais, ata que o/a menor cumpra 12 meses. A nai biolóxica poderá anticipar o seu exercicio ata catro semanas antes da data previsible do parto.
SEMANAS ADICIONAIS RETRIBUÍDAS	Non existían.	2 semanas adicionais por persoa proxenitora, desfrutables en períodos semanais de forma acumulada ou interrompida ata que o/a menor cumpra 8 anos.
TRANSFERIBILIDADE	Inicialmente a nai podía ceder parte das súas semanas ao pai (desapareceu coa equiparación en 2021).	Intransferibles: cada persoa proxenitora debe desfrutar integramente das súas semanas.

FAMILIAS MONOPARENTAIS	Tras sentenza do TC: 26 semanas (10 extra sobre as 16 estándar).	32 semanas: 6 obrigatorias + 22 flexibles ata 1 ano + 4 adicionais ata 8 anos.
PERMISO PARENTAL NON RETRIBUIDO	8 semanas adicionais por persoa proxenitora, ata que o/a menor cumprise 8 anos.	Mantense igual: 8 semanas non retribuídas, ata que o/a menor cumpra 8 anos.
RETRIBUCIÓN	100 % da base reguladora durante as 16 semanas.	100 % da base reguladora durante as 19 semanas.
ENTRADA EN VIGOR / RETROACTIVIDADE	N/A.	En vigor desde o 31 de xullo de 2025. Retroactivo para nacementos desde o 2 de agosto de 2024, aínda que as semanas extra só se poderán solicitar a partir do 1 de xaneiro de 2026.

Desde o Gabinete Técnico de Igualdade da Confederación Empresarial de Galicia, resolvemos calquera dúbida e prestamos asesoramento personalizado para fomentar a igualdade e a diversidade laboral.

Non dubides en poñerte en contacto connosco.

 igualdade@ceg.es

 981 555 88